



PETICIÓN

O Concello ven de poñer en marcha o segundo Plan experimental de emprego cuxo obxectivo fundamental é a inserción laboral daqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao emprego. As bases que regulan o devandito programa veñen establecidas na orde do 30 de decembro de 2005 publicada no Diario Oficial de Galicia de 12 de xaneiro de 2006.

Segundo figura nas citadas bases, os destinatarios destas accións de mellora da ocupabilidade e integración laboral serán os sinalados como prioritarios na definición anual do Plan de Acción para o Emprego: discapacitados, inmigrantes, mulleres con problemas de integración laboral, persoas desempregadas en risco de exclusión social, perceptores de subsidios e prestacións por desemprego, da renda activa de inserción ou da renda de integración social de Galicia.

Entre os requisitos que tamén se sinalan nas bases, establécese que “Con carácter xeral, polo menos o 60% dos beneficiarios das accións que configuren estes plans experimentais de emprego deberán ser perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego.

No seguinte párrafo sinalase que “Quedarán excluídos deste requisito aqueles programas experimentais en que os seus participantes sexan na súa totalidade desempregados previamente admitidos ao programa de renda activa de inserción ou beneficiarios da renda de integración social de Galicia”.

Na solicitude que o Concello dirixe á Consellaría de Traballo, opta polo programa destinado preferentemente aos demandantes perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego, o que conleva que só o 40% restante dos participantes podería estar integrado polo resto de colectivos aos que facíamos referencia e que en definitiva son os que menos preparación, formación e experiencia laboral teñen.

Neste senso e tendo en conta a excepcionalidade que prevé a orde que regula este plan de inserción laboral, sería conveniente alternar os distintos programas, de xeito que si un ano se reserva o 60% dos destinatarios para os perceptores de prestacións por desemprego, outro ano se podería destinar aos beneficiarios de RISGA ou renda activa de inserción.

Outra cuestión que dende o noso Grupo tamén prantexamos vai referida á necesaria interrelación entre os distintos departamentos implicados, é dicir, que non sexa só a Concellería de formación e Emprego quen se encargue de elaborar e xestionar o programa senón que se lle dea participación a outras concellerías como é o caso da Concellería de Muller e Servizos Sociais, departamentos nos que se ten contacto directo cunha parte importante dos colectivos aos que vai dirixida esta iniciativa coñecendo en moitos casos a situación individual dos usuarios, sendo moi positivo que dende estes servizos se puidera derivar directamente a estas persoas que necesitan desa oportunidade de poder integrarse no mercado de traballo e que ás veces quedan fora destes programas por carencias que existen nas bases de datos do Servizo Público de Emprego.

Por isto, **o Grupo Municipal do BNG** propón que pola Alcaldía, pola Concellería de Formación e Emprego, ou por quen resulte competente ao efecto se tomen en consideración as distintas propostas formuladas no presente escrito en relación coa solicitude e elaboración dos programas de inserción laboral que teñan previsto facerse no futuro.

Vilagarcía, a 26 de xuño de 2006.

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA